

REGULAMENTO OFICIAL

I CARREIRA POPULAR REGO DE SAN PEDRO



I Carreira Popular
CONCELLO DE OLEIROS
IÑÁS-NÓS-IÑÁS 8,5KM
18 OUTUBRO 2026

 CASA DO POBO DE IÑÁS  12H  ZONA DECATHLON

INSCRÍBETE do 21 de setembro ao 13 de outubro
en carreiraoleiros.ccorta.com

 **Oleiros DEPORTE** Concello de  **Oleiros**

IDADES PARTICIPANTES
SUB-14 2013-2014
SUB-16 2011-2012
SUB-18 2000-2010
SUB-20 2007-2008
SUB-23 2004-2006
SÉNIOR 1992-2003
MÁSTER-35 1982-1991
MÁSTER-45 1972-1981
MÁSTER-55 1962-1971
MÁSTER-65 1961 E ANTERIORES



CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Organización

1.1. O Concello de Oleiros, a través da Concellería de Deportes, organiza a **Carreira Popular Rego de San Pedro**, coa colaboración das entidades e organismos que figuren como colaboradores oficiais da proba.

1.2. A dirección técnica da proba corresponderalle ao persoal designado polo Concello de Oleiros, que asumirá a planificación, coordinación, organización e control do desenvolvemento da carreira, así como a adopción das decisións necesarias para garantir o seu correcto desenvolvemento.

1.3. A organización disporá das autorizacións administrativas preceptivas, dos seguros obrigatorios, do dispositivo sanitario, do Plan de Autoprotección e dos demais medios humanos e materiais esixidos pola normativa vixente.

Artigo 2. Obxecto do regulamento

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas que rexerán a organización e o desenvolvemento da **Carreira Popular Rego de San Pedro**, así como regular as condicións de participación das persoas inscritas.

A inscrición na proba implica o coñecemento e a aceptación íntegra do presente regulamento, así como das instrucións e decisións que poidan adoptar a organización e a Dirección de Carreira para garantir a seguridade, a igualdade entre as persoas participantes e o correcto desenvolvemento da competición.

Artigo 3. Normativa aplicable

A Carreira Popular Rego de San Pedro desenvolverase de conformidade co disposto:

- a) No presente regulamento.
- b) Na normativa deportiva da Federación Galega de Atletismo e da Real Federación Española de Atletismo que resulte de aplicación ás carreiras populares.
- c) Nas autorizacións outorgadas polas administracións competentes para a utilización das vías e espazos públicos incluídos no percorrido.
- d) No Plan de Autoprotección da proba e nos protocolos de seguridade establecidos pola organización.
- e) Na normativa vixente en materia de tráfico e seguridade viaria, protección civil, espectáculos públicos, protección de datos persoais e demais disposicións legais que resulten de aplicación.

Calquera aspecto non previsto neste regulamento será resolto pola Dirección de Carreira, cuxas decisións serán de obrigado cumprimento durante o desenvolvemento da proba.



CONCELLO DE
OLEIROS

>>DEPORTES

Artigo 4. Denominación, data, horario e lugar de celebración

A proba deportiva denomínase **I Carreira Popular Rego de San Pedro** e celebrarase o **domingo 18 de outubro de 2026**, con saída ás **12:00 horas**, no termo municipal de Oleiros.

A saída e a meta estarán situadas na Casa do Pobo de Iñás (<https://maps.app.goo.gl/M4kzq4WCn1pXNidY8>), na parroquia de Iñás en Oleiros. O recinto de saída e meta estará debidamente sinalizado e contará cos servizos previstos para a celebración da proba.

A localización exacta da saída e da meta, así como o plano do recinto e os accesos recomendados para persoas participantes e público asistente, figurarán nos anexos do presente regulamento e na información oficial difundida pola organización.

Artigo 5. Descrición da proba

A **I Carreira Popular Rego de San Pedro** é unha carreira popular a pé cun percorrido aproximado de **8,5 quilómetros**, que discorre por vías urbanas, camiños e sendeiros do municipio de Oleiros, combinando distintos tipos de firme e espazos naturais de elevado interese ambiental e paisaxístico.

O percorrido estará debidamente sinalizado e controlado pola organización, contando coa colaboración da Policía Local, Protección Civil, persoal auxiliar e voluntariado, co fin de garantir a seguridade das persoas participantes e o correcto desenvolvemento da proba.

As características técnicas do percorrido, incluíndo o plano, perfil altimétrico, puntos de avituallamento, servizos e demais información de interese, incorporaranse como anexos ao presente regulamento.

CAPÍTULO II. PARTICIPACIÓN

Artigo 6. Persoas participantes

Poderán participar na **I Carreira Popular Rego de San Pedro** todas aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos no presente regulamento e formalicen correctamente a súa inscrición dentro dos prazos e condicións fixados pola organización.

A proba estará aberta ás categorías comprendidas entre **Sub-14 e Máster**, de acordo coa distribución de categorías establecida no artigo seguinte.

As persoas menores de idade deberán presentar, no momento da inscrición ou da recollida do dorsal, a correspondente autorización asinada polo pai, nai, titor ou titora legal, conforme ao modelo facilitado pola organización.

Todas as persoas participantes deberán atoparse en condicións físicas adecuadas para afrontar a distancia e as características da proba, participando baixo a súa exclusiva responsabilidade ou, no caso das persoas menores de idade, baixo a responsabilidade dos seus representantes legais.

A organización resérvase o dereito de impedir a participación ou retirar da proba a calquera persoa que presente un estado físico que poida comprometer a súa propia



seguridade, a das demais persoas participantes ou o normal desenvolvemento da carreira.

Artigo 7. Categorías

A **I Carreira Popular Rego de San Pedro** contará coas seguintes categorías de participación, establecidas en función do ano de nacemento das persoas participantes e diferenciadas nas modalidades feminina e masculina:

Categoría	Anos de nacemento
Sub-14	2013 e 2014
Sub-16	2011 e 2012
Sub-18	2009 e 2010
Sub-20	2007 e 2008
Sub-23	2004, 2005 e 2006
Sénior	1992 a 2003
Máster 35	1982 a 1991
Máster 45	1972 a 1981
Máster 55	1962 a 1971
Máster 65	1961 e anteriores

A asignación á correspondente categoría realizarase en función do **ano de nacemento** da persoa participante.

A organización poderá agrupar, modificar ou suprimir categorías cando concorran circunstancias excepcionais de participación ou organización que así o aconsellen, comunicándoo previamente a través dos medios oficiais da proba.

As clasificacións e os premios outorgaranse de acordo co establecido no **Capítulo V** do presente regulamento. A carreira contará cunha **clasificación xeral absoluta**, tanto feminina como masculina, así como coas correspondentes **clasificacións por categorías**.

Artigo 8. Inscripcións

A inscrición na **I Carreira Popular Rego de San Pedro** realizarase exclusivamente a través da plataforma electrónica **carreiraoleiros.ccnorte.com** habilitada pola organización.

O prazo de inscrición permanecerá aberto desde o luns 21 de setembro ata o martes 13 de outubro de 2026, ambos incluídos, ou ata completar o número máximo de participantes admitidos, se este se acadase con anterioridade.

O número máximo de participantes para a edición de 2026 será de **800 persoas**.

Para formalizar a inscrición será necesario facilitar os datos persoais requiridos pola organización, que deberán ser veraces e completos. No caso das persoas menores de idade, será obrigatoria a autorización da nai, pai, titor ou titora legal, nos termos establecidos no presente regulamento.

A inscrición considerase definitivamente formalizada unha vez completado o formulario correspondente e, se é o caso, efectuado o pagamento da cota de inscrición.



A organización resérvase o dereito de pechar anticipadamente o prazo de inscrición unha vez acadado o límite máximo de participantes ou cando concorran circunstancias organizativas que así o xustifiquen.

As inscricións son persoais e intransferibles. Non estará permitido participar utilizando o dorsal asignado a outra persoa nin realizar cambios de titularidade da inscrición, salvo autorización expresa da organización dentro dos prazos e condicións que esta estableza. A formalización da inscrición implica a aceptación íntegra do presente regulamento e das normas ditadas pola organización para o correcto desenvolvemento da proba.

Artigo 9. Cota de inscrición

A participación na **I Carreira Popular Rego de San Pedro** estará suxeita ao aboamento dunha **cota única de inscrición de 5,00 euros (€)** por persoa participante.

A cota de inscrición inclúe, como mínimo, os seguintes servizos:

- Dereito de participación na proba.
- Dorsal oficial e sistema de cronometraxe.
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil, conforme á normativa vixente.
- Avituallamento ao remate da carreira.
- Agasallo conmemorativo ou bolsa da persoa participante, se a organización así o establece.
- Acceso aos servizos habilitados pola organización para o desenvolvemento da proba.

Unha vez formalizada a inscrición, **non se procederá á devolución da cota aboada**, salvo no caso de suspensión da proba por causas imputables á organización.

No suposto de suspensión, modificación ou interrupción da proba por causas de forza maior alleas á organización, non existirá dereito á devolución da cota de inscrición, sen prexuízo das medidas alternativas que, se é o caso, poida adoptar a organización.

A inscrición terá carácter persoal e intransferible, sen prexuízo do disposto no artigo 8 do presente regulamento sobre os supostos excepcionais de cambio de titularidade autorizados pola organización.

Artigo 10. Dereitos e obrigas das persoas participantes

As persoas participantes terán dereito a:

- a) Participar na proba nas condicións establecidas no presente regulamento.
- b) Dispoñer dos servizos previstos pola organización para o correcto desenvolvemento da carreira.
- c) Figurar nas clasificacións oficiais, sempre que completen o percorrido conforme ás normas da proba.
- d) Presentar reclamacións de acordo co procedemento establecido neste regulamento.

As persoas participantes estarán obrigadas a:

- a) Coñecer e cumprir o presente regulamento, así como as instrucións ditadas pola organización, a Dirección de Carreira, os membros da Policía Local, Protección Civil, persoal sanitario, voluntariado e demais persoal autorizado.



- b) Levar o dorsal oficial colocado de forma visible na parte dianteira durante todo o desenvolvemento da proba, sen manipulalo nin dobralo.
 - c) Completar integramente o percorrido oficial, respectando a sinalización e os controis establecidos pola organización.
 - d) Manter en todo momento unha actitude deportiva, respectuosa e de colaboración co resto das persoas participantes, coa organización, co voluntariado e co público asistente.
 - e) Respetar o medio natural e urbano polo que transcorre a carreira, evitando abandonar residuos fóra das zonas habilitadas para tal fin.
 - f) Comunicar á organización, sempre que sexa posible, o abandono da proba.
 - g) Participar baixo a súa propia responsabilidade, manifestando que reúnen as condicións físicas e de saúde necesarias para afrontar a proba.
- O incumprimento das obrigas recollidas no presente artigo poderá dar lugar á descualificación da persoa participante ou á adopción das medidas disciplinarias previstas neste regulamento.

CAPÍTULO III. DESENVOLVEMENTO DA PROBA

Artigo 11. Percorrido

A **I Carreira Popular Rego de San Pedro** desenvolverase sobre un percorrido urbano de aproximadamente **8,5 quilómetros**, integramente sinalizado e balizado pola organización.

A saída e a meta estarán situadas no mesmo recinto, discorrendo o percorrido por vías públicas, camiños e espazos do termo municipal de Oleiros, previamente autorizados para a celebración da proba.

As persoas participantes deberán seguir en todo momento o itinerario oficial, respectando a sinalización instalada e as indicacións da Dirección de Carreira, do persoal da organización, da Policía Local, de Protección Civil e do resto de persoal autorizado. Queda prohibido abandonar o percorrido oficial, utilizar atallos ou recibir axuda externa que supoña unha vantaxe deportiva, salvo nos casos autorizados pola organización por razóns de seguridade ou asistencia sanitaria.

A organización resérvase o dereito de modificar o percorrido por causas de forza maior, por razóns de seguridade ou por indicación das autoridades competentes, comunicando as modificacións coa maior antelación posible.



CONCELLO DE
OLEIROS

>>DEPORTES



Figura 1 Superficies do percorrido

Artigo 12. Saída

A saída da **I Carreira Popular Rego de San Pedro** efectuarase ás **12:00 horas**, na **Avenida das Mariñas (N-VI)**, fronte á **Casa do Pobo de Iñás**, no lugar sinalizado pola organización. As persoas participantes deberán acceder á zona de saída con antelación suficiente, recomendándose a súa presenza, cando menos, **15 minutos antes** da hora prevista para o inicio da proba.

A organización poderá establecer unha cámara de chamadas, así como caixóns ou zonas de saída diferenciadas en función do número de persoas participantes, das categorías, das marcas acreditadas ou doutras necesidades organizativas. As persoas participantes deberán situarse no espazo que lles sexa asignado e seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.

Unha vez dada a saída, non se permitirá a incorporación á proba por un punto distinto ao establecido, nin o acceso ao percorrido sen portar o correspondente dorsal oficial.

A organización poderá atrasar, modificar ou suspender a saída cando concorran circunstancias meteorolóxicas adversas, incidencias de seguridade, emerxencias ou outras causas de forza maior que poidan comprometer a seguridade das persoas participantes ou o correcto desenvolvemento da proba.



CONCELLO DE
OLEIROS

>>DEPORTES

As persoas participantes deberán atender en todo momento as indicacións da Dirección de Carreira, do persoal da organización e das forzas e corpos de seguridade presentes no dispositivo da proba.




Figura 2 Detalle servizos zona de Saída/meta

Co fin de facilitar o acceso das persoas participantes e do público asistente, a organización habilitará unha zona de estacionamento recomendada nas inmediacións



Figura 3 Zona de Aparcadoiro

da saída e da meta. Na seguinte figura indícase a súa localización, así como os principais accesos peonís ata a área de competición.



Artigo 13. Dorsal e cronometraxe

Todas as persoas participantes deberán portar obrigatoriamente o **dorsal oficial** facilitado pola organización, que deberá colocarse na parte dianteira do tronco, completamente visible durante toda a proba e sen sufrir manipulacións, recortes, dobras ou alteracións que dificulten a súa correcta identificación.

O dorsal é persoal e intransferible, polo que non poderá ser cedido, intercambiado nin utilizado por unha persoa distinta daquela á que foi asignado, salvo autorización expresa da organización conforme ao establecido neste regulamento.

A cronometraxe da proba realizarase mediante **sistema electrónico**, sendo rexistrado o tempo oficial de cada participante segundo os procedementos establecidos pola empresa encargada deste servizo. Para figurar na clasificación oficial será imprescindible completar integramente o percorrido, pasar por todos os puntos de control establecidos e cruzar a liña de meta co dorsal e o dispositivo de cronometraxe correctamente colocados.

A perda, deterioración ou utilización incorrecta do dorsal ou do sistema de cronometraxe poderá impedir a obtención do tempo oficial e dar lugar á descualificación da persoa participante cando así o determine a Dirección de Carreira.

Recollida de dorsais

Os dorsais poderán recollerse durante a semana previa á celebración da proba nos seguintes puntos e horarios:

-Oficinas do Servizo Municipal de Deportes – A Fábrica

(<https://maps.app.goo.gl/phNScKQNRiPh6tfYA>):

Mércores 14, xoves 15 e venres 16 de outubro, en horario de **9:00 a 14:00 horas**.

- Casa do Pobo de Iñás:

xoves 15 e venres 16 de outubro, en horario de **17:00 a 19:00 horas**.

Así mesmo, o **día da proba, domingo 18 de outubro**, habilitarase a recollida de dorsais na zona de saída/meta, na **Casa do Pobo de Iñás**, desde as **9:00 ata as 11:15 horas**.

Para a retirada do dorsal poderá requirirse a acreditación da identidade da persoa participante. No caso das persoas menores de idade, deberá terse presentada a correspondente autorización da nai, pai, titor ou titora legal nos termos establecidos neste regulamento.

Artigo 14. Controis de carreira

Co fin de garantir o correcto desenvolvemento da proba e a igualdade entre todas as persoas participantes, a organización establecerá os **controis de saída, paso e meta** que considere necesarios ao longo do percorrido.

Todas as persoas participantes deberán completar integramente o itinerario oficial e pasar por todos os puntos de control establecidos, seguindo en todo momento o percorrido sinalizado e as indicacións da Dirección de Carreira, do persoal da organización, do voluntariado e das forzas e corpos de seguridade.

A omisión dalgún control, o abandono do percorrido oficial, a utilización de atallos ou calquera outra actuación que supoña unha vantaxe indebida poderá dar lugar á descualificación da persoa participante.

A organización poderá establecer controis manuais, electrónicos ou mediante calquera outro sistema de verificación que considere adecuado para garantir a correcta clasificación da proba.

As persoas participantes deberán facilitar, cando sexan requiridas, a comprobación da súa identidade e do dorsal por parte do persoal autorizado.

Artigo 15. Tempo máximo de realización da proba

Co fin de garantir a seguridade das persoas participantes e posibilitar a reapertura ao tráfico das vías afectadas, establécese un **tempo máximo de 1 hora e 30 minutos** para completar o percorrido oficial da proba.

A organización poderá establecer tempos de referencia en distintos puntos do percorrido para comprobar que as persoas participantes manteñen un ritmo compatible co desenvolvemento da carreira e co dispositivo de seguridade previsto.

As persoas que superen o tempo máximo establecido ou que, por criterio da Dirección de Carreira, non poidan finalizar a proba dentro do tempo previsto, deberán abandonar a competición cando lles sexa indicado polo persoal da organización, polos servizos de seguridade ou polos servizos sanitarios.





Figura 4 Punto de control e tempo de peche.

Nestes casos, as persoas participantes poderán continuar o percorrido baixo a súa exclusiva responsabilidade, respectando en todo momento as normas de circulación viaria, ao considerarse finalizada a súa participación na proba e sen dereito a figurar na clasificación oficial.



A Dirección de Carreira poderá adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas participantes e o normal desenvolvemento do operativo de tráfico e emerxencias.

Artigo 16. Avituallamentos

Co obxecto de garantir unha adecuada hidratación das persoas participantes, a organización establecerá os puntos de avituallamento que considere necesarios en función das características da proba, das condicións meteorolóxicas e da normativa vixente.

Na **I Carreira Popular Rego de San Pedro** habilitaranse os seguintes puntos de avituallamento:

- **Avituallamento líquido** aproximadamente no **quilómetro 5**, con subministración de auga.
- **Avituallamento final**, situado na zona de meta, con auga, bebida isotónica, froita e outros produtos de recuperación que determine a organización.

A localización exacta dos puntos de avituallamento figura no plano oficial da proba.

Os avituallamentos estarán destinados exclusivamente ás persoas participantes debidamente acreditadas co dorsal oficial.

Co fin de reducir o impacto ambiental da proba, as persoas participantes deberán depositar os envases, vasos e demais residuos nas zonas habilitadas para tal fin, colaborando no mantemento da limpeza do percorrido e dos espazos naturais polos que discorre a carreira.




Figura 5 Puntos de Avituallamiento

Artigo 17. Asistencia sanitaria e emerxencias



CONCELLO DE
OLEIROS

>>DEPORTES

Co fin de garantir a seguridade das persoas participantes, a organización establecerá un **dispositivo sanitario permanente** integrado polos recursos asistenciais previstos no Plan de Autoprotección da proba.

O dispositivo sanitario estará composto, como mínimo, polos seguintes recursos:

- **Posto sanitario principal**, situado na **zona de saída e meta**, dotado dos medios asistenciais previstos para a atención sanitaria da proba.
- **Posto sanitario intermedio**, situado aproximadamente no **PK 3,65**, destinado a reducir os tempos de resposta ante calquera incidencia producida na primeira metade do percorrido.
- Os medios de evacuación e asistencia sanitaria necesarios para garantir a atención inmediata das persoas participantes, de acordo co dispositivo aprobado para a proba.




Figura 6 Dispositivo sanitario da proba



CONCELLO DE
OLEIROS

>>DEPORTES

Co obxecto de facilitar unha evacuación rápida cara aos centros sanitarios de referencia, establécense **cinco puntos de evacuación** distribuídos ao longo do percorrido, accesibles para ambulancias e vehículos de emerxencia, situados aproximadamente nos seguintes puntos quilométricos:

- **Punto de Evacuación 1: PK 4,40**
- **Punto de Evacuación 2: PK 5,25**
- **Punto de Evacuación 3: PK 5,83**
- **Punto de Evacuación 4: PK 6,27**
- **Punto de Evacuación 5: PK 7,65**

En caso de incidencia sanitaria, a organización activará o procedemento establecido no Plan de Autoprotección, mobilizando o recurso asistencial máis próximo ao lugar do incidente e empregando, se fose necesario, o punto de evacuación que ofrezca un acceso máis rápido para os servizos de emerxencia.




Figura 7 Puntos de evacuación para vehículos de emerxencia

As persoas participantes deberán atender en todo momento as indicacións do persoal sanitario, da Dirección de Carreira, de Protección Civil e das Forzas e Corpos de Seguridade, podendo ser retiradas da competición cando o persoal sanitario considere que continuar a proba supón un risco para a súa saúde ou para a seguridade da propia proba.

A localización dos postos sanitarios, dos puntos de evacuación e dos accesos para vehículos de emerxencia recóllese nas seguintes figuras.



CAPÍTULO IV. NORMAS DE COMPETICIÓN

Artigo 18. Descualificacións

A Dirección de Carreira poderá descualificar a calquera persoa participante que incumprise o presente regulamento ou que realice actuacións contrarias ao xogo limpo, á seguridade da proba ou ás indicacións da organización.

Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes supostos:

- a) Non completar integramente o percorrido oficial ou abandonar o itinerario sinalizado, utilizando atallos ou calquera outro medio que supoña unha vantaxe deportiva.
- b) Non pasar polos puntos de control establecidos pola organización.
- c) Participar cun dorsal que non lle corresponda, manipular o dorsal oficial ou o sistema de cronometraxe, ou permitir o seu uso por outra persoa.
- d) Recibir axuda externa que altere o desenvolvemento normal da competición, agás a asistencia sanitaria prestada pola organización.
- e) Participar acompañado por bicicletas, patíns, vehículos ou animais non autorizados pola organización.
- f) Non respectar as indicacións da Dirección de Carreira, do persoal da organización, dos servizos sanitarios, de Protección Civil, da Policía Local ou das demais autoridades presentes no operativo.
- g) Manter unha actitude antideportiva, ofensiva ou irrespectuosa cara ao resto das persoas participantes, voluntariado, organización ou público asistente.
- h) Arroiar residuos fóra das zonas habilitadas para tal fin ou provocar danos no medio natural ou urbano polo que discorre a proba.
- i) Continuar en competición despois de ser retirado polos servizos sanitarios ou pola Dirección de Carreira.



CONCELLO DE
OLEIROS

>>DEPORTES

A descualificación poderá implicar a exclusión da clasificación oficial, a perda dos premios obtidos e, de ser o caso, a imposibilidade de participar en futuras edicións da proba cando a gravidade dos feitos así o aconselle.



MOTIVOS DE DESCUALIFICACIÓN

CARREIRA POPULAR REGO DE SAN PEDRO

 1 NON COMPLETAR O PERCORRIDO OFICIAL Abandonar o itinerario sinalizado ou utilizar atallos.	 2 NON PASAR POLÓS PUNTOS DE CONTROL Omitir os controis establecidos pola organización.	 3 DORSAL INCORRECTO OU MANIPULADO Usar un dorsal que non corresponda, manipulalo ou cedelo a outra persoa.	 4 AXUDA EXTERNA NON AUTORIZADA Recibir axuda externa que altere o desenvolvemento normal da competición.	 5 ACOMPAÑAMENTO NON AUTORIZADO Participar acompañado por bicicletas, patíns, vehículos ou animais.
 6 NON RESPECTAR INDICACIÓNS Desatender as indicacións da Dirección de Carreira, organización, servizos sanitarios, Protección Civil, Policía Local ou autoridades.	 7 ACTITUDE ANTIDEPORTIVA Manter unha actitude ofensiva, irrespectuosa ou antideportiva cara a outras persoas participantes, voluntariado, organización ou público.	 8 ARROJAR RESIDUOS Arrojar lixo fóra das zonas habilitadas ou causar danos no medio natural ou urbano polo que discorre a proba.	 9 CONTINUAR TRAS SER RETIRADO Seguir en competición despois de ser retirado polos servizos sanitarios ou pola Dirección de Carreira.	 10 QUALQUERA OUTRA ACCIÓN CONTRA A NORMATIVA Calquera outra acción que vaia en contra do regulamento, da seguridade da proba ou do xogo limpo.



REGO DE SAN PEDRO
CARREIRA POPULAR

Oleiros corre con nós!



CONCELLO DE
Oleiros

Artigo 19. Clasificacións e resultados

A clasificación oficial da **I Carreira Popular Rego de San Pedro** elaborárase a partir dos rexistros obtidos polo sistema oficial de cronometraxe empregado pola organización. Estableceranse, como mínimo, as seguintes clasificacións:

- Clasificación xeral absoluta masculina.
- Clasificación xeral absoluta feminina.
- Clasificación por categorías, tanto masculina como feminina, conforme ao establecido no presente regulamento.

Para figurar na clasificación oficial será necesario:

- a) Completar integramente o percorrido oficial.
- b) Pasar por todos os puntos de control establecidos pola organización.
- c) Cruzar a liña de meta co dorsal oficial correctamente colocado e identificado polo sistema de cronometraxe.

Non figurarán na clasificación oficial as persoas participantes que resulten descualificadas conforme ao disposto no artigo anterior ou que abandonen a competición antes de finalizar o percorrido.

Os resultados provisionais publicaranse unha vez finalizada a proba a través dos medios oficiais da organización e da empresa de cronometraxe.



As clasificacións adquirirán carácter definitivo unha vez resoltas, se é o caso, as reclamacións presentadas dentro dos prazos establecidos.

Artigo 20. Reclamacións

As reclamacións relativas á clasificación, aos resultados ou a calquera outra incidencia deportiva derivada do desenvolvemento da proba deberán presentarse ante a Dirección de Carreira dentro dos **30 minutos seguintes** á publicación das clasificacións provisionais.

As reclamacións formularanse de maneira verbal ou por escrito, identificando á persoa reclamante, describindo claramente os feitos que motivan a reclamación e achegando, de ser o caso, as probas que se consideren oportunas.

A Dirección de Carreira, unha vez analizadas as circunstancias concorrentes e, se procede, o informe do equipo de cronometraxe, do persoal de control ou do Comité Organizador, resolverá a reclamación no menor tempo posible.

As resolucións adoptadas pola Dirección de Carreira esgotarán a vía organizativa da proba, sen prexuízo dos recursos que poidan corresponder conforme á normativa federativa ou administrativa que resulte de aplicación.

As clasificacións oficiais adquirirán carácter definitivo unha vez resoltas todas as reclamacións presentadas dentro do prazo establecido.

Artigo 21. Modificación, suspensión ou cancelación da proba

A organización resérvase o dereito de modificar o percorrido, os horarios, os servizos previstos ou calquera outro aspecto relacionado coa organización da proba cando concorran causas debidamente xustificadas que así o aconsellen.

Así mesmo, a organización poderá **aprazar, interromper, neutralizar ou cancelar total ou parcialmente a carreira** por motivos de seguridade, condicións meteorolóxicas adversas, emerxencias, incidencias sobrevidas no percorrido, decisión das autoridades competentes ou por calquera outra circunstancia de forza maior que poida comprometer a seguridade das persoas participantes, do público asistente ou do persoal da organización.

Nestes supostos, a Dirección de Carreira adoptará as medidas que considere máis adecuadas para garantir a protección das persoas participantes e coordinará a actuación cos servizos de emerxencias, Protección Civil, Policía Local e demais organismos implicados no dispositivo da proba.

No caso de suspensión ou cancelación da proba por causas de forza maior alleas á organización, as persoas participantes non terán dereito á devolución da cota de inscrición, sen prexuízo das medidas compensatorias que, de forma voluntaria, poida establecer a organización.

Calquera modificación relevante será comunicada ás persoas participantes a través da páxina web oficial da proba, das redes sociais e, cando sexa posible, mediante os sistemas de información habilitados pola organización.



Artigo 22. Aceptación do regulamento, protección de datos e dereitos de imaxe

A formalización da inscrición na **I Carreira Popular Rego de San Pedro** implica a aceptación íntegra do presente regulamento e de todas as disposicións, normas e instrucións ditadas pola organización para o correcto desenvolvemento da proba.

As persoas participantes comprométese a cumprir as normas establecidas, así como as indicacións da Dirección de Carreira, do persoal da organización, do voluntariado, dos servizos sanitarios, de Protección Civil, da Policía Local e do resto de autoridades que formen parte do dispositivo da proba.

Os datos persoais facilitados durante o proceso de inscrición serán tratados de conformidade co disposto no **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RXPD)**, na **Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais**, e na restante normativa que resulte de aplicación.

Os datos serán tratados exclusivamente para a xestión da inscrición, o desenvolvemento da competición, a elaboración das clasificacións, a comunicación coas persoas participantes e o cumprimento das obrigas legais derivadas da organización da proba.

A participación na carreira implica igualmente a autorización para que a organización poida captar e utilizar fotografías, gravacións audiovisuais ou calquera outro soporte gráfico obtido durante o desenvolvemento da proba, coa finalidade de difundir e promocionar a actividade a través da páxina web municipal, redes sociais, medios de comunicación e outras publicacións institucionais, sen dereito a contraprestación económica, sempre con respecto á normativa vixente en materia de protección de datos e dereito á propia imaxe.

A organización contará coas pólizas de seguro e cos medios de seguridade establecidos pola normativa vixente. Non obstante, non se fará responsable dos danos ou prexuízos derivados do incumprimento deste regulamento, da actuación negligente das persoas participantes ou de circunstancias aleanas á súa organización que non lle sexan legalmente imputables.

Calquera aspecto non previsto neste regulamento será resolto pola Dirección de Carreira, de acordo coa normativa deportiva aplicable e cos criterios organizativos que garantan a seguridade, a igualdade de oportunidades e o correcto desenvolvemento da proba.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente **Regulamento da I Carreira Popular Rego de San Pedro** entrará en vigor na data da súa aprobación polo órgano competente do **Concello de Oleiros**, sendo de aplicación a todas as persoas participantes, persoal da organización e entidades colaboradoras desde ese momento e durante toda a celebración da proba.



CONCELLO DE
OLEIROS

>>DEPORTES

ANEXO I
RESUMO DA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES
I CARREIRA POPULAR REGO DE SAN PEDRO
18 de outubro de 2026 · 12:00 h

INFORMACIÓN	DATOS
🕒 Data	Domingo, 18 de outubro de 2026
▶ Saída	12:00 h · Casa do Pobo de Iñás
◆ Meta	Casa do Pobo de Iñás
📏 Distancia	8,5 km
👤 Participantes	Máximo 800
📄 Inscripción	5 €
🕒 Dorsais	09:00–11:15 h (Pista cuberta anexa)
🕒 Cámara de saída	11:45 h
🕒 Avituallamentos	Km 5,25 e Meta
✚ Asistencia	Meta/Saída e PK 3,65
▶ Controis	Km 3,6 (40') · Km 7,1 (1h15') · Meta (1h30')
✚ Evacuación	PK 4,40 · 5,25 · 5,83 · 6,27 · 7,65
👤 Categorias	Sub14, Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, Sénior, M35, M45, M55, M65
★ Premios	Absolutos M/F e 1º-3º de cada categoría
⚠ Descualificación	Atallos · Non pasar controis · Dorsal alleo · Axuda externa · Conduta antideportiva